

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 26 de decembro de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día vinte e seis de decembro do ano dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña E o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1775).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a urxencia da sesión

**2(1776).- REVISIÓN DAS TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO EN AUTOBÚS DA CIDADE DE VIGO, CORRESPONDENTE AO ANO 2013. EXPTE. 84288/210**

Examinadas as actuacións do expedientes e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transporte, de data 12.12.12, e coa proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Atender á proposta técnica de referencia nos seus apartados 1) e 2), co seguinte contido:

- 1) Aprobar a revisión de tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa "VIGUESA DE TRANSPORTES, SL" PARA O ANO 2013, sendo os prezos a plicar co IVE incluído, de conformidade cos informes emitidos obrantes neste expediente:
  - prezo billete..... 1,30 euros
  - prezo coche/qm..... 5,1611 euros
- 2) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de Prezos autorizados.

2.- Conxelar a tarifa a aplicar ós usuarios do transporte público colectivo que será a mesma para o vixente ano 2012.

Así mesmo, tampouco se fará fronte a variación que se produza entre a tarifa vixente e o novo prezo con cargo aos orzamentos municipais.

3.- A diferenza entre o prezo da tarifa vixente e o novo prezo, será con cargo aos resultados da concesionaria.

En consecuencia co elo, non haberá variación algunha dos prezos a satisfacer a Concesionaria en relación cos do ano 2012.

### **3(1777).- REVISIÓN DAS TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO DE AUTO-TAXI DA CIDADE DE VIGO, CORRESPONDENTE AO ANO 2013. EXPTE.83812/210**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transporte, de data 14.12.12, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e aprobado pola Xunta Local de Prezos do 26.12.12, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos autotaxis da cidade para o ano 2013, de conformidade co informe emitido, sendo os prezos máximos a aplicar, IVE incluído, os seguintes:

- **TARIFA 1** (Aplicable días laborables de 6:00 a 22:30 horas)

Tarifa mínima (1817,20 m e/ou 319,20 segundos ).....	3,13 + 10%= 3,45
Km percorrido.....	0,85 + 10%= 0,93
Hora de espera.....	17,33 + 10%=19,06
Suplemento aeroporto.....	3,85 + 10%= 4,23
Suplemento Cotogrande.....	2,68 + 10%= 2,95
Maletas e vultos análogos.....	0,48 + 10%= 0,53

- **TARIFA 2** (Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. (Sábados desde as 6:00 horas da mañá; e servizo nocturno de 22:00 ás 6:00 horas).

Tarifa mínima (1200 m e/ou 214,60 segundos ).....	3,27 + 10%= 3,60
Km percorrido.....	0,93 + 10%= 1,03

Hora de espera.....	18,85 + 10%=20,73
Suplemento aeroporto.....	3,85 + 10%= 4,23
Suplemento Cotogrande.....	2,68 + 10%= 2,94
Maletas e vultos análogos.....	0,48 + 10%= 0,53

Manter o suplemento do 25 de decembro e 1 de xaneiro ( dende as 00:00 h e até as 10:00 h) 2 , 11 €

2.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

3.- De conformidade co informe remitido pola ITV en relación coa aplicación das tarifas no taxímetro e unha vez aprobadas as tarifas e aplicadas no aparato taxímetro deberá terse en conta o seguinte :

- na configuración dos aparatos taxímetros debe terse en conta que a distancia e o tempo transcurrido dende o inicio do servizo ate que o aparato taxímetro realiza o primer salto deberá ser :
  - na tarifa 1 : 1870,963 metros y/o os segundos que correspondan ( tendo en conta que ambos serán proporcionales entre si a velocidade de cambio de arrastre )
  - na tarifa 2 : 1248,543 metros y/o os segundos que correspondan ( tendo en conta que ambos serán proporcionales entre si a velocidade de cambio de arrastre )

#### 4(1778).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA AUDITORÍA EXTERNA DO PROXECTO “SUN PROJET”. EXPTE. 9199/77.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación do 26-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da auditoría externa do Proxecto “Sun Project” (expediente 9199-77) no seguinte orde decrecente:

1. LOPEZ MERA Y NOVOA AUDITORES, S.L.P.: con una puntuación de 95 puntos

Segundo.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, LOPEZ MERA Y NOVOA AUDITORES, S.L.P., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

5(1779).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO "CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA RÍA". EXPTE. 4588/104 E 1654/440.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación do 26-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Excluir do presente procedemento ás mercantís COPCISA, S.A., e TECESA, S.L.U. por conter a súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do "Centro de Interpretación de ría" (expedientes 4588/104 e 1654/440) no seguinte orde decrecente:

1. EIRIÑA, S.L.: con una puntuación de 80, 54 puntos
2. CONSLAR INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN, S.L.U.: con una puntuación de 78, 91 puntos
3. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.: con una puntuación de 74, 12 puntos
4. CONTRATOS Y DESARROLLOS, S.L.: con una puntuación de 71,52 puntos
5. PROASUR, S.L.: con una puntuación de 70 puntos

Terceiro.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, EIRIÑA, S.L, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.